

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 7 de marzo de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes do programa de axudas para a participación en actividades de campamentos e campos de traballo dirixidos a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos e que residan no exterior, previsto na Resolución do 1 de febreiro de 2008.

Mediante Resolución do 1 de febreiro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 29, do 11 de febreiro), a Secretaría Xeral de Emigración convoca e regula, para o exercicio 2008, o programa de axudas para a participación en actividades de campamentos e campos de traballo dirixidos a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos e que residan no exterior.

A publicación desta resolución con case un mes de antelación á realizada no exercicio 2007 está a dificultar a presentación de solicitudes naqueles países de Latinoamérica para os que o mes de febreiro é de escasa actividade laboral e se encontran en períodos vacacionais.

En consecuencia, e á vista do número mínimo de solicitudes presentadas e rexistradas nas entidades colaboradoras, co fin de facilitarlles aos interesados a presentación das solicitudes e acompañar a documentación correspondente e de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o secretario xeral de Emigración, en virtude das competencias que ten atribuídas,

ACORDA:

Artigo único.-Ampliar, ata o 18 de marzo de 2008, o prazo de presentación de solicitudes para as axudas para a participación en actividades de campamentos e campos de traballo dirixidos a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos e que residan no exterior reguladas na Resolución do 1 de febreiro de 2008.

Contra este acordo de ampliación do prazo non cabe recurso ningún, de acordo co disposto no artigo 49.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira

Primeira.-Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2008.

Manuel Luís Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 29 de febreiro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a incentivación da demanda comercial (liña INCEN), fomento da cooperación empresarial e da calidade (liña COOP) e desenvolvemento equilibrado dos centros comerciais abertos de Galicia e eixes comerciais (liña MECCA), en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, e se procede á súa convocatoria (IN219A).

O comercio tradicional na actualidade está sometido a un profundo proceso de cambio que exige realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo, co obxecto de que se volva situar na posición histórica que tradicionalmente desempeñou no desenvolvemento económico e social das nosas vilas e cidades. Por isto, o Plan de renovación e mellora do comercio galego inclúe un programa específico: pulo do asociacionismo comercial e das integracións estratéxicas, no cal se recolle un conxunto de medidas entre as que cabe suliñar:

-Incentivación da demanda comercial para potenciar a implantación de novas fórmulas de distribución comercial desenvolvidas polos comerciantes, mellorar a loxística do comercio así como acadar unha imaxe máis competitiva do comercio galego polo miúdo.

-Cooperación empresarial para mellorar a competencia nos mercados de distribución e fomentar a creación e desenvolvemento de organizacións comerciais que supoña unha alternativa real de compra para os consumidores e de distribución para os produtores, xunto coa promoción da calidade no comercio mediante un distintivo propio de calidade do comercio galego.

-Revitalización de centros comerciais abertos e eixes comerciais como unha das iniciativas que poidan facilitar a recuperación das vilas en xeral e do seu comercio en particular, tanto desde o punto de vista económico e social como do urbanístico, contribuíndo a evitar a despoboación que nos últimos anos se está a producir nos centros urbanos.

Desde o convencemento de que a incentivación do asociacionismo comercial é a mellor forma de aplicar as medidas recollidas no Plan de renovación e mellora do comercio galego e de afrontar unha renovación comercial que en moitos casos supera o ámbito das solucións individualizadas que poidan aplicar os propios comerciantes.

En consecuencia co exposto, esta orde diríxese ás asociacións de comerciantes articulando tres liñas de axudas: a liña INCEN para a incentivación da demanda comercial, a liña COOP para o fomento da